

Visita ao Parque Natural Lago de Sanabria e Serras Segundera e Porto

“Entre bosques de teixos, lagoas glaciares e reboleiras montanas”

1, 2 e 3 de novembro

PROGRAMA

Venres, 1

9h. **Partida.** O punto de encontro será Ponteareas; saída 294 da A52.

12h. **Ruta “O Bosque do Teixedelo”**

Ruta circular Lonxitude, 6km Altitude, 1100m-1600m Dificultade, moderada

Nos arredores de Sanabria, tras os ecosistemas de matogueira, agóchase unha xoia ecolóxica. As reboleiras montanas serán a antesala do extinto val glaciar na Serra da Gamoneda e alí, na densidade sombriza, aparece o fermoso e poderoso teixedal.

18h. **Hospedaxe** no Albergue

Sábado, 2

9,30h **Ruta “As fervezas de Sotillo”**

Ruta circular Lonxitude, 7km Altitude, 1100m-1400m Dificultade, moderada

Os Bosques de Sotillo, de ecoloxía elevada e variada, dominados polo rebolo, ben acompañado por castiñeiros e abelairas, albergan ilustres exemplares de acivros que nos encamiñarán a un conxunto de belos saltos de auga de 200m de altura. Son as fervezas de Sotillo, dos regos Pingón e Cabriteño, situadas na densidade boscosa.

16h. **Visita ao Castelo de Sanabria**

Ben de Interese Cultural, o castelo-fortaleza dos Condes de Benavente, datado do S.XV, sitúase sobre un promontorio rochoso, construído en cantaría, con recinto amurallado e Torre de Homenaxe. Os episodios históricos súcedense ao longo dos seguintes séculos até ao seu abandono no S.XIX; e hoxe recuperado para acubillar habitáculos institucionais.

18h. **Descanso.**

Domingo, 3

9,30h. **Ruta “O camiño dos monxes”**

Ruta linear Lonxitude, 7km Altitude, 950m-1250m Dificultade, baixa-moderada

Entre pastos, promontorios rochosos e masas de abelairas e cerquiños, o Camiño dos monxes é un paseo fermoso que arredor do Lago de Sanabria, salienta polo seu impacto paisaxístico en determinados puntos e pola historia que agocha o seu traxecto.

16h. **Visita á Escola Micolóxica de Ungilde**

A Escola micolóxica de Ungilde distínguese doutros centros e aulas polos usos diferenciados que presenta nos diferentes andares. As exposicións permanentes con setas liofilizadas, o laboratorio e a área de gastronomía convértena nun punto de formación, investigación, micoturismo e educación ambiental.

17h. **Remate**